

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN

O desenvolvemento -privatizado- no ano 2016 do proxecto de orzamentos participativos deu lugar a un tratamento de datos persoais sen garantías para os cidadáns. Tal é a así que a propia Axencia de Protección de Datos vén de abrir unha investigación a raíz da denuncia dunha veciña.

Máis alá desa concreta denuncia, na que se advirte dunha suplantación de identidade e dun posible tratamento non consentido dos seus datos, a concelleira de Facenda non desmentiu de xeito fidedigno que non puidera ser maior o número de cidadáns de Santiago que viran suplantada a súa identidade e, ao tempo, recoñeceu unha nova irregularidade: a falta do contrato específico, de garantía, que prescribe artigo 12 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais; e, a maiores, todo parece indicar que a empresa contratada, que a súa vez subcontractou a outra empresa un tratamento de datos, non destruíu nin devolveu ao Concello os datos persoais dos veciños tratados no ano 2016. E resulta innegable que todas estas anomalías están causando unha lóxica alarma social na opinión pública.

É por iso que o Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, solicita que o Pleno da Corporación aprobe a comparecencia da concelleira de Facenda a fin de responder ás preguntas que seguen:

- 1. Por que non informou a concelleira, cando menos na reunión de seguimento dos orzamentos participativos celebrada o 29 de xuño, das dúas suplantacións de identidade denunciadas?*
- 2. Tomou medidas de comprobación o Concello para confirmar que o número de afectados foi só de dous? Isto é: púxose en contacto coas outras persoas que supostamente solicitaron a alta no proceso para confirmar de forma fidedigna que a súa suposta participación era real e voluntaria?*
- 3. Realizouse algunha dilixencia de investigación a fin de averiguar a orixe das suplantacións?*
- 4. Por que consentiu o goberno municipal que a empresa adjudicataria do servizo se quedase, a finais de 2016, cos datos dos supostos participantes?*
- 5. Por que permitiu o Goberno municipal que a empresa contratada tratase os datos persoais dos cidadáns sen as garantías que debería recoller o contrato específico previsto no artigo 12 da Lei 13/1999 de Protección de Datos?*

Santiago de Compostela, a 15 de setembro de 2017

Alejandro S. Brunete Varela
Portavoz adxunto do Partido Popular